

AUGUST STRINDBERG

A xente de Hemsö

Traducido por Marta Dahlgren



Hugin e Munin

I

CARLSSON COMEZA UN NOVO TRABALLO E RESULTA SER UN TRAFULQUEIRO

Chegou á illa unha tarde de abril, coma un remuíño de vento, cun caneco de augardente pendurado do pescozo por unha correa. Clara e Lotten foran recollelo coa barca ao peirao de Dalarö, pero tardaron unha eternidade en atondalo todo denantes de partir. Primeiro tiveron que ir á tenda buscar un tonel de brea, logo á botica polo ungüento para os parasitos do porco e máis tarde á oficina de correo por un selo. Tamén foron cas de Fia Löfström, no lugar de Kroken, para pedirlle emprestado o galo, en troco de media libra de fío para entrallar as redes. Ao fin remataron na taberna e Carlsson convidounos a café e bolos.

Cando deron embarcado, Carlsson ofreceuse a gobernar a barca, aínda que nunca antes vira diante unha de vela latina e ignoraba como facelo; mesmo berrou que izasen a inexistente gavia. No embarcadoiro, o práctico e mais os empregados do porto mofáronse del á conta da tal manobra, unha vez que a barca virou e quedou ao leilán, a sotavento, cara a Saltsäcken.

—Seica tes a chalana esfuracada! —berroulle un aprendiz de práctico—. Tapa o furado, ho, tápao!

Namentres Carlsson procuraba a vía de auga, Clara empurrouno e asiu o temón, e Lotten, coa axuda dos remos, endereitou a embarcación para deseguida avanzar coa empopada e a boa velocidade polo estreito de Aspö.

Carlsson, un home cotrolo, de ollos azuis e nariz aquilino coma un gancho, procedía da provincia interior de Värmland. Era vitalista, afeccionado ás brincadeiras e con gana de aprender, pero das cousas do mar non sabía ren. Chamáranos para traballar en Hemsö, para se facer cargo do campo e dos animais, desatendidos dende a morte do vello Flod, cuxa viúva ficara soa na propiedade.

Cando Carlsson tratou de lles tirar da lingua ás mozas para saber algo máis sobre o posto e os demais empregados, non recibiu senón as respostas típicas dos habitantes insulares: «Non lle sei...», «Pois mire, iso non llo podo dicir...», «É que diso non teño nin idea...».

De modo que Carlsson non sacou nada en limpo.

A embarcación avanzaba entre illas e arrecifes. Os patos rabeiros chiaban entre as rochas e escoitábase nos bosques de abetos das illas o canto da pita do monte. Pasaron por rías e atravesaron correntes, e as estrelas comezaron a escintilar na escuridade. Ao que entraron en mar aberto, a súa única guía foi a luz do faro de Huvudskär. Cruzaban ora por diante dun sinal, ora por unha baliza branca coma unha pantofo; nas rochas aínda se vían restos de nevarada, coma sabas postas á raxeira para as albear. Baixíos ocultos na auga negra raspaban a quilla ao lles pasaren por riba; unha gaivota ergueuse da súa rocha e espertou os carolos e os carráns, que armaron un balbordo do demo; no horizonte, onde as estrelas se xuntaban co mar, contemplaron as balizas vermellas e verdes dun buque de pasaxeiros, que arrastraba un festón de luces redondas: os ollos de boi de cada camarote.

